



Magreco 2016

* Unha nova edición de **MAGRECO 2016** xa está ás portas, este ano celebráremola o 19 e 20 de marzo de 2016. Nesta edición contaremos coma sempre **co mellor da maquinaria agrícola** que se pode atopar en Galicia, cos **distribuidores máis importantes** da nosa zona de influencia. **MAGRECO** constitúe un escaparate no que mostrar os seus **produtos estrela e ver as novidades deste sector**, que consideramos estratéxico para a nosa Comunidade.

Pero non todo vai ser maquinaria, numerosos expositores de **artesanía, produtos ecolóxicos e alimentación** fan as delicias de todos os visitantes. Especial importancia está a coller nesta edición a carpa **D'nosa Terra** que pretendemos se converta nun escaparate de alternativas de produción e negocio no sector ao que se dedique cada ano. Nesta edición dedicáremola ao sector lácteo e contaremos con variedade de produtos como son os iogures, queixos, xeados,... e a promoción de galega 100% como sinal de identidade para o noso leite.

Teremos, como xa ven sendo habitual, a **poxa de xovencas frisona e rubia galega**, que se celebrarán o **Domingo as 12 do mediodía** nunha carpa habilitada a tal efecto na zona da maquinaria agrícola. Trala poxa sortearemos unha becerra frisona. Nestes días poderedes conseguir as rifas nos comercios de Boimorto. Nesta carpa, o domingo á tarde, a iso das 4 e media, teremos unha **demostración de agility** (un guía dirixindo un can para sortear rampas, slalons,...) grazas á colaboración de Agility Compostela.

Durante toda a xornada do sábado un motoserrista de Stihl faranos demostracións de **talla en madeira con motoserra** no stand que **Ferretería Noguerol** vai a ter na zona da maquinaria. Paralelamente, durante toda a fin de semana, teremos unha mostra de funcionamento dun **Aserradero Móvil autónomo** que elaborará taboas, puntóns, tercios, ...

A todas estas actividades podemos sumar a presenza dun stand no Campo do Rosario onde se repartirán **filloas de balde** entre todos os asistentes, **durante todo o sábado**. E non podían faltar as charlas formativas, este ano contamos con **3 charlas** que se reparten nas dúas xornadas que dura a feira:

- O sábado as dúas charlas celebráranse no comedor do colexio.
 - Ás 12:00h. "**Sociedades de fomento forestal (SOFOR): Ventaxas e oportunidades da súa posta en marcha**". Impartida polo *Dir. Xeral de Ordenación e Produción Forestal, Tomás Fernández-Couto Juanas*. Falarase sobre producións forestais e conveniencia de xestionar os montes en común.
 - Ás 17:00h. "**Axudas ás explotacións agrarias no PDR 2014-2020**" na que contaremos co *Subdirector Xeral de Explotacións Agrarias, Nicasio Mejuto Martí* informaranos sobre axudas para modernización de explotacións ou sobre o aumento do valor engadido dos produtos agrarios/forestais.
- O domingo, o *Subdirector de relacións cos GDR, Javier Blanco Carballal*, realizará a charla "**Axudas Leader 2014-2020**" na que nos transmitirá as medidas que recollerá o novo PLAN LEADER nos vindeiros anos. Terá lugar ás 11:00 h. na Carpa da Poxa.

Contamos con todos vós, para que veñades desfrutar da feira!!

Cultura

* **Excursión ó Santuario de Fátima** (Portugal) os días 18 e 19 de maio de 2016. Itinerario:

- **Mércores 18 de maio:** 08:30 Saída do Campo do Rosario de Boimorto, parada para almorzo, visita o santuario Bom Jesus - Braga, xantar en Saameiro. Chegada o Hotel , Fátima -Visita ó Santuario de Fátima (Capeliña + 2 Basílicas) - Misa en español na Capeliña das Aparicións - Rosario e procesión- Cea no hotel e aloxamento en habitacións dobres.
- **Xoves 19 de maio:** Visita a Basílica - Visita ós Valiños, Loca do Anjo e casas dos Pastoriños - Xantar no hotel -saída cara Boimorto - parada para café e chegada a Boimorto.

O prazo de inscrición ata o 6 de maio. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto. O mínimo de participantes será 35 e ata un máximo de 50. As prazas son limitadas, iranse cubrindo por orde de inscrición, é obrigatorio facer o pagamento no momento de inscribirse.

PREZO: Maiores de 12 anos: 50€ Menores de 12 anos: 40€

Anotarse no Concello ou no Centro Social Municipal de Maiores. Máis información 981516520.

* 31 de marzo, reunión na aula de **informática** (local detrás de Abanca), as 19:00 horas, a todos/as os interesados en participar no **curso de iniciación** que se impartirá en abril, maio e xuño en horario de mañá ou de tarde.

Deportes

* **EXCURSIÓN Á ESTACIÓN DE ESQUÍ DE LEITARIEGOS O 12 E 13 DE MARZO:** saída a madrugada do venres 11 de marzo ó sábado 12 de marzo ás 4:30 horas do Campo do Rosario. Prezos: Adultos Esquí 80 € , Nenos Esquí 70 €. Adultos Snow: 95 €, Nenos Snow: 85 €. Estes prezos inclúen o desprazamento, o forfait para dous días, o aluguer do material, a pernoctación no albergue o sábado, cea do sábado e almorzo do domingo.

- O prezo dos que xa teñan material será: Adultos: 60 € e Nenos: 50 €.
- Aquelas persoas que desexen 2 horas diarias de clases incrementarán en 34€ o prezo.
- O prezo para os que só desexen visitar a estación (ticket mecánicos) é de 40 €.
- Aluguer de trineo infantil para os dous días: 5 €. Aluguer de trineo Adulto: 8€.
- O número máximo de prazas será de 50 e o mínimo para a realización da excursión será de 25. Cubriranse as prazas por riguroso orde de inscrición.
- A data límite para inscribirse é o mércores 9 de marzo.

* **Master Class de Zumba gratuíta Martes 8 de 20:30 a 21:30:** persoas que gocen de probar esta actividade física nova, poderán facelo o martes 8 de marzo de 20:30 a 21:30 no pavillón de Boimorto. No caso de que tras a clase, haxa 10 persoas ou máis que demanden esta actividade, programárase realizala todos os luns de 20:30 a 21:30. ¡Ven e proba o ZUMBA!

Emprego

* **APERTURA LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DA XUNTA DE GALICIA**

Listas abertas dende o 1 de marzo ata o 15 de xullo. Máis información: DOG núm. 39 do 26 de febreiro do 2016. As listas que se abriron este ano 2016, entre outras son: **Persoa funcionario:** arquitectos/as, veterinarios/as, biólogos/as, enxeñeiros/as técnicos agrícolas, escala superior de finanzas, escala de profesores numerarios, escala técnica de finanzas, mestre taller, enxeñeiros/as industriais, inspección urbanística. **Persoal laboral:** médico/a, enfermeiro/a, profesor/a, mestre/a educación infantil, oficial 1º cociña, auxiliar administrativo, auxiliar de enfermería, coidador/a, oficial 2º cociña, oficial 2º agrario, encargado de almacén, subgobernante/a, oficial/a 1º mantemento.

* **RENOVACIÓN DA TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN**

Pódese solicitar a renovación da TPC, que caduca ós 5 anos, acudindo a un centro autorizado. Na provincia da Coruña son: Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña; CCOO; UGT ou a Fundación laboral da Construción Galicia

Se se ten caducada dispónse ata o 31 de Decembro do 2016 para renova-la.

A TPC avala: Experiencia no sector (Cualificación profesional e a Formación recibida)

Punto Atención á Infancia

* O prazo para a renovación de matrícula dos nenos que xa están acudindo ao PAI hai que tramitala no período que vai dende o 14 de marzo ao 30 de xuño (ámbolos dous incluídos). No caso de **novas matriculacións**, poden anotarse dende o 14 de marzo ata o último día hábil do mes de xullo.